- No eido formativo, perséguese o establecemento de programas prácticos onde os alumnos inter actúan cos animais e cos distintos sistemas produtivos, máis aló da busca dun rendemento económico que supoña un equilibrio de custos de produción.
- Para as actividades de investigación, os animais empréganse en ensaios, nos que se toman mostras e se fan medicións.

Polo indicado anteriormente, o valor de mercado destes animais é a súa condición como animais especificamente criados para poder ser utilizados en estudos, ensaios e actividades formativas compatibles coa I+D+i, e por tanto, o seu uso está amplamente supeditado ás necesidades derivadas do seu obxectivo funcional, polo que non é posible establecer un sistema unitario de valoración dos animais, de forma que o criterio aplicado para a súa valoración é realizar unha estimación en base ao valor de mercado aproximado aplicado a grupos homoxéneos de animais en número e características.

Incorporarase ao valor do inmovilizado correspondente o importe dos investimentos adicionais ou complementarios que se realicen, valorándose estas de acordo cos criterios establecidos anteriormente.

Prezo de adquisición: O prezo de adquisición inclúe, ademais do importe facturado polo vendedor, todos os gastos que se produzan ata o momento en que o ben de que se trate se atope en condicións de funcionamento: gastos de explanación e derriba, transporte, dereitos arancelarios, seguros, instalación, montaxe, etc.



Os gastos financeiros poderán incrementar o valor do ben inmovilizado, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- que exista unha relación directa e obxectiva entre a operación de endebedamento
- que orixina os gastos financeiros e o ben ao que deben incorporarse devanditos gastos;
- que os gastos financeiros se devindiquen con anterioridade á posta en condicións de funcionamento do ben.

Os impostos indirectos que gravan os elementos do inmovilizado material poderán incluírse no prezo de adquisición, unicamente cando non teñan o carácter de recuperables directamente da Facenda Pública.

Custo de produción: Os bens fabricados ou construídos pola propia entidade, haberán de valorarse polo seu custo de produción. Os custos para considerar serán:

- Os gastos de persoal: soldos, salarios e outros gastos de persoal directamente relacionados con eles;
- Os custos dos materiais e servizos consumidos;
- A amortización correspondente ao inmovilizado directamente utilizado;
- A proporción que razoablemente corresponda de custos indirectos, e outros custos, como pode ser a amortización de patentes ou licenzas que fosen utilizadas.

Valor venal: Enténdese por valor venal dun ben, aplicable a aqueles que son adquiridos de maneira gratuíta ou foron recibidos en cesión, o prezo que estaría disposto a pagar un adquirente eventual, tendo en conta o estado e o lugar en que se atope dito ben, considerando, ademais, a situación da entidade e supoñendo a continuidade da explotación do ben. O valor venal dun ben se poderá determinar mediante taxación de peritos especializados, valores medios de mercados organizados, listas de prezos de provedores habituais ou outros procedementos xeralmente aceptados.

Amortización: En todos os casos (incluídos os bens de inmovilizado que fosen recibidos en cesión ou en adscrición) deduciranse as amortizacións practicadas, as cales haberán de establecerse sistematicamente en función da vida útil dos bens, atendendo á depreciación que normalmente sufran polo seu funcionamento, uso e goce, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia que puidese afectalos.

As porcentaxes de amortización aplicadas para cada tipo de elemento de inmovilizado foi a seguinte:

ELEMENTO DE INMOBILIZADO MATERIAL	Vida útil
TERREOS E BENS NATURAIS	Non se amortizan
CONSTRUCCIÓNS	
- Invernadoiros	25 anos
- Pequenas construcións	De 27 a 31 anos
- Naves e almacéns	35 anos
- Construcións auxiliares	De 38 a 61 anos
- Edificios, oficinas e laboratorios	50 a 75 anos
- Vivendas	100 anos
MAQUINARIA	De 5 a 12 anos
UTILLAXE E FERRAMENTA	5 anos
INSTALACIÓNS TÉCNICAS	12 anos
MOBILIARIO	10 anos
EQUIPOS PROCESO INFORMACIÓN	4 anos
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	De 10 a 20 anos



Perdas de carácter irreversible no inmovilizado: En caso de que se produza unha diminución de valor de carácter irreversible e distinta da amortización sistemática procederáse a corrixir a valoración do ben correspondente, contabilizando a perda como gasto do exercicio e provocando unha corrección do valor amortizable do ben.

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens de inmovilizado material serán incorporados ao activo como maior valor do ben na medida que supoñan un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil e sempre que sexa posible coñecer ou estimar razoablemente o valor neto dos elementos que, por ser substituídos, deban ser dados de baixa do inventario.

Por outra parte, a AGACAL, de acordo coa Disposición Adicional Octava do Decreto 52/2018 do 5 de abril, que regula a súa creación, recibiu os seguintes bens en adscrición:

- Adscribense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os edificios do Pazo de Quián e Palleira en Sergude (Boqueixón), onde queda establecida a sede da Axencia.
- Adscribense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os centros de traballo onde desenvolven as súas actividades o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán e os centros de formación e experimentación agraria e as subestacións experimentais contemplados no Estatuto da AGACAL.
- Tamén quedan adscritos á AGACAL os bens que na data da súa posta en funcionamento se atopen, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das súas competencias, sen necesidade de declaración expresa.

4.2. Inmovilizacións inmateriais

Os diversos elementos comprendidos no inmovilizado inmaterial valoraranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción; aplicaranse os criterios establecidos para o inmovilizado material polo que respecta á dotación de amortizacións.

A entidade dispón dos seguintes tipos de inmovilizados inmateriais:

- Aplicacións Informáticas: Programas informáticos propios ou comprados a empresas independentes ao seu custo de adquisición. A amortización é de carácter lineal en 3 anos, aplicando unha porcentaxe do 33%.
- Proxectos de investigación: as activacións de gastos en proxectos de investigación terán unha amortización en relación á duración do proxecto, estimándose con carácter xeral unha amortización lineal a tres anos.
- Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro. Os dereitos rexistrados como activos inmateriais son amortizados atendendo á vida útil do ben obxecto do contrato. Actualmente a totalidade dos dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro que ten contratados AGACAL correspóndense con equipos de laboratorio, para os que se estimou unha vida útil de 10 anos.





De conformidade coa norma 5ª Inmobilizado inmaterial do Plan Xeral de Contabilidade Pública, que posibilita a activación dos gastos de investigación e desenvolvemento ao peche do exercicio no marco do cumprimento dos requisitos que se preceptúan, poderanse capitalizar as cantidades procedentes que se deriven da execución dos expedientes de contratación que teñan esta natureza, así como calquera outro proxecto de investimento que nacesse ao amparo desta norma.

De acordo coa citada norma de valoración, ao peche do exercicio poderanse activar os gastos de investigación e desenvolvemento cando se cumpran as condicións seguintes:

- a) Que exista un proxecto específico perfectamente individualizado e concreto, o que se deriva dos expedientes anteriormente mencionados.
- b) Que se dea unha asignación, imputación e distribución temporal dos custos claramente establecida o que se fai a través das fichas orzamentarias aprobadas polo Parlamento de Galicia para cada ano. Os proxectos constitúense en módulos perfectamente separables.
- c) Que, ademais, existan motivos fundados do éxito técnico do proxecto.
- d) Que a rendibilidade económico-comercial do mesmo estea razoablemente asegurada, requisito este que non é preciso neste Ente Público ao non ter unha vocación comercial.
- e) Que estea asegurada o financiamento do proxecto. Este requisito está salvagardado polo carácter público do Ente, e por constituír os mencionados proxectos un dos obxectos prioritarios do mesmo.

Así mesmo, debemos indicar que os gastos de I+D son de natureza orzamentaria e impútanse de acordo coa súa natureza económica (investimentos reais en inmobilizado inmaterial) e de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir, en aplicación do Principio de Imputación da Transacción do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (Orde de 28 de novembro de 2001).

Con respecto ás inversións que figuran no ACTIVO do BALANCE “A) INMOBILIZADO - II. Inmobilizacións inmateriais - 6. Outro inmobilizado inmaterial”, estas activáronse tendo en conta que, o Decreto 52/2018 atribúe á AGACAL a promoción e execución dos traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Con esta premisa, a investigación desenvolvida pola Axencia é de carácter aplicado e, por tanto, orientada a un fin determinado, que non é outro que a promoción do patrimonio xenético da Comunidade Autónoma e á capitalización dos sistemas produtivos a través das mellora xenética e sanitaria, e por tanto, os gastos incorridos en todas estas actividades representan un investimento necesario para a materialización dun ben de indubidable valor económico e patrimonial, que constitúe a mesma razón de ser da Axencia. Baixo este criterio, e unha vez comprobada a viabilidade dos proxectos de investigación levados a cabo, considérase que estes gastos en investimentos compren todos requisitos establecidos pola normativa contable para a súa activación como inmobilizado inmaterial.

Con respecto ós dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro, estes contabilízanse cando dos termos do expediente administrativo de contratación ou das condicións do contrato de arrendamento financeiro se deduce a vontade de exercer a opción de compra, entón os dereitos derivados dos devanditos contratos contabilízanse como activos inmateriais polo valor en man do ben, reflectindo igualmente a débeda total polas cotas máis a opción de compra. A diferenza entre ambos os importes, constituída polos gastos financeiros da operación, contabilízanse como gastos a distribuír en varios exercicios. Cando se exercite a opción de compra, o valor dos dereitos rexistrados e a súa correspondente amortización acumulada darase de baixa en contas, pasando a formar parte do valor



do ben adquirido. Os gastos para distribuír en varios exercicios imputaranse a resultados de acordo con un criterio financeiro.

As eventuais adquisicións de balde, actívanse polo seu valor venal.

As partidas que teñan perdido, de forma irreversible, todo o seu valor, sanéanse completamente, facéndolas desaparecer do activo.

Non se realizaron provisións por depreciación do inmovilizado inmaterial.

4.3. Gastos a distribuír en varios exercicios

Os gastos a distribuír en varios exercicios que dispón AGACAL correspóndense a:

- a) Gastos financeiros diferidos vinculados a contratos de arrendamento financeiro. Estes gastos valoraranse pola diferenza entre o valor de reembolso e o valor de emisión das débedas a que correspondan. Devanditos gastos imputaranse a resultados durante o período de vida da débeda a que se refiran e de acordo con un plan financeiro.

4.4. Valores negociables

Os valores negociables, sexan de renda fixa ou variable, valoraranse en xeral polo seu prezo de adquisición no momento da subscripción ou compra.

Entenderase por prezo de adquisición o total satisfeito ou que deba satisfacerse pola adquisición, incluídos os gastos inherentes á operación.

Cando se trate de valores adquiridos a título gratuíto, acudirase para determinar o valor de adquisición a unha prudente valoración dos títulos en función do seu previsible valor de mercado. Se os títulos cotizan nun mercado secundario organizado tomarase como valor de adquisición a cotización media do trimestre anterior á data de adquisición ou a última cotización anterior á data de adquisición se esta é inferior. Se os títulos non cotizan nun mercado secundario organizado acudirase ao valor establecido por peritos taxadores, con arranxo a procedementos racionais admitidos na práctica, cun criterio de prudencia. En todo caso, deberá aplicarse o método do prezo medio ou custo medio ponderado por grupos homoxéneos; entendéndose por grupos homoxéneos de valores os que teñen iguais dereitos.

Correccións valorativas.

Os valores negociables admitidos a cotización nun mercado secundario organizado contabilizaranse, polo menos ao final do exercicio, polo prezo de adquisición ou o de mercado se este fose inferior a aquel. Neste último caso, deberán dotarse as provisións necesarias para reflectir a depreciación experimentada.

O prezo de mercado será o inferior dos dous seguintes: cotización media nun mercado secundario organizado correspondente ao último trimestre do exercicio; cotización do día do peche do exercicio ou na súa falta a do inmediato anterior.



Non obstante o anterior, cando existan intereses, implícitos ou explícitos, devindicados e non vencidos ao final do exercicio, os cales deberán estar contabilizados no activo, a corrección valorativa determinarase comparando devandito prezo de mercado coa suma do prezo de adquisición dos valores e dos intereses devindicados e non vencidos ao peche do exercicio.

Tratándose de valores negociables non admitidos a cotización nun mercado secundario organizado figurarán no balance polo seu prezo de adquisición. Con todo, cando o prezo de adquisición sexa superior ao importe que resulte de aplicar criterios valorativos racionais admitidos na práctica, dotarase a correspondente provisión pola diferenza existente. A estes efectos, cando se trate de participacións en capital, tomarase o valor teórico contable que corresponda ás devanditas participacións, corrixido no importe das plusvalías tácitas existentes no momento da adquisición e que subsistan no da valoración posterior.

No caso de participacións en capital que teñan o carácter de permanentes, e que supoñan unha porcentaxe significativa de participación, a dotación de provisións realizarase atendendo á evolución dos fondos propios da sociedade participada aínda que se trate de valores negociables admitidos a cotización nun mercado secundario organizado.

4.5. Créditos e demais dereitos a cobrar non orzamentarios

Rexistraranse polo importe entregado. No caso de créditos, a diferenza entre o devandito importe e o nominal dos créditos deberá computarse como ingreso por intereses no exercicio en que se devindiquen, seguindo un criterio financeiro e recoñecéndose o crédito por intereses no activo.

Os créditos por venda de inmovilizado valoraranse polo prezo de venda, excluídos en todo caso os intereses incorporados ao nominal do crédito, os cales serán imputados como se indica no parágrafo anterior.

Os intereses devindicados e non vencidos figurarán en contas de crédito en función do seu vencemento. Rexistraranse en partidas de crédito os intereses implícitos que se devindiquen, con arranxo a un criterio financeiro, con posterioridade á data de adquisición dos valores negociables.

Deberán practicarse as correccións de valor que procedan, dotándose, no seu caso, as correspondentes provisións, para reflectir as posibles insolvencias que se presenten con respecto ao cobro dos activos de que se trate.

4.6. Débedas e demais obrigacións non orzamentarias

Figurarán no balance polo seu valor de reembolso. No seu caso, a diferenza entre o devandito valor e a cantidade recibida figurará separadamente no activo do balance; tal diferenza debe imputarse anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.

As débedas por compra de inmovilizado valoraranse polo seu nominal. Os intereses incorporados ao nominal, excluídos os que se integraron no valor do inmovilizado, figurarán separadamente no activo do balance, imputándose anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.



4.7. Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigas orzamentarias

Os dereitos a cobrar orzamentarios figurarán polo importe a percibir.

Os dereitos a cobrar procedentes de ingresos de Dereito Público valóranse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto procedan de ingresos sen contraprestación e de exacción obrigatoria, como de prestacións de servizos, realización de actividades e utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

Os dereitos de cobro derivados da venda de bens conceptuados como existencias haberán de rexistrarse polo importe da contraprestación para percibir pola venda, sen incluír os impostos legalmente a repercutir, nin os gastos satisfeitos por conta do debedor, os cales se integrarán noutras contas para cobrar non orzamentarias.

Os dereitos de cobro derivados doutras prestacións de servizos e cesións de bens patrimoniais, efectuadas en réxime de Dereito Privado, rexistraranse polo importe da contraprestación para percibir polos mesmos, seguindo os mesmos criterios que no parágrafo anterior, en canto aos impostos legalmente a repercutir e os gastos satisfeitos por conta do debedor.

Os dereitos de cobro derivados da emisión de pasivos financeiros rexistraranse polo importe para percibir no momento da emisión.

Deberán realizarse as correccións valorativas que procedan, dotándose, no seu caso, as provisións que reflectan o risco de insolvencia con respecto ao cobro dos dereitos de que se trate.

As obrigas orzamentarias figurarán polo importe para satisfacer. Devandito valor, que debe considerarse como a cantidade para pagar no momento do seu vencemento, estará formado polo principal da débeda máis, no seu caso, as retribucións implícitas que se puidesen pactar no financiamento da operación.

No caso de obrigas por compra de existencias ou de servizos figurarán polo importe da contraprestación para realizar. Tal importe non comprenderá os impostos legalmente a deducir, que se rexistrarán en contas a pagar non orzamentarias.

4.8. Subvencións recibidas

As transferencias e subvencións recibidas, tanto correntes como de capital, valoraranse polo importe recibido. As transferencias ou subvencións en especie cuantificaranse polo valor venal dos bens recibidos e as subvencións de capital por asunción de débedas, polo valor actual destas. Os ingresos derivados de adquisicións de carácter lucrativo (herdanzas, legados e doazóns) rexistraranse polo valor establecido na correspondente taxación pericial.

4.8.1. Subvencións de capital:

Corresponden a transferencias de capital con cargo aos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, valóranse polo importe concedido e impútanse a resultados a totalidade da subvención recibida de conformidade ao previsto no Plan Xeral de Contabilidade Pública.



4.8.2. Subvencións á explotación:

Corresponden a transferencias correntes concedidas á AGACAL a través do capítulo IV dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de cubrir os seus gastos de funcionamento, compensando os seus resultados negativos para equilibrar a súa conta de explotación, polo que teñen a consideración de subvencións de explotación.

Motivado pola finalidade exclusiva e única das subvencións de cubrir o resultado negativo do exercicio, o recoñecemento dos ingresos por subvención non pode superar a contía necesaria para cubrir os resultados negativos. A referida limitación recóllese de forma explícita no artigo 10 da Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, no que se establece a obriga de reintegro do remanente de tesourería non afectado, resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

4.9. Subvencións concedidas

As transferencias e subvencións concedidas, tanto correntes como de capital, valoraranse polo importe entregado. As transferencias ou subvencións en especie valoraranse polo valor neto contable dos elementos entregados e as subvencións de capital por asunción de débedas, polo valor actual destas, entendendo por tal a diferenza entre o máximo valor de reembolso e as retribucións implícitas non devindicadas no devandito momento.

4.10. Imposto sobre beneficios

A AGACAL é un ente de dereito público adscrito á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. En base a isto e ao disposto no artigo 9 da lei 27/2014, de 27 de novembro do Imposto sobre Sociedades, en relación coa exención total da que gozan determinados entes do sector público, a Axencia encóntrase exenta do Imposto sobre Sociedades.

4.11. Impostos sobre o valor engadido

O importe soportado non deducible formará parte do prezo de adquisición dos bens de investimento ou do circulante, así como dos servizos, que sexan obxecto das operacións gravadas polo imposto.

Non alterarán as valoracións iniciais os axustes no importe do imposto soportado non deducible consecuencia da regularización derivada da prorrata definitiva, incluída a regularización por bens de investimento.

Os créditos e débitos derivados dos importes repercutidos e dos soportados deducibles, respectivamente, contabilizaranse en rúbricas específicas, separados do resto de créditos e débitos

A actividade principal a desenvolver pola AGACAL, está exenta de IVE, salvo nos supostos de:

- Prestación de servizos de control e xestión de consellos reguladores
- Prestación de servizos a través de contratos de colaboración con empresas



Nestes supostos aplicarase a *prorrata* especial a diferenciar os gastos e ingresos destas actividades e contabilizar o IVE das mesmas como deducible.

4.12. Compras

Na valoración das compras de bens susceptibles de almacenamento, destinados á venda ou consumo interno ou ben para a súa transformación ou incorporación ao proceso produtivo, teranse en conta as seguintes regras:

- a) Os gastos das compras, incluídos os transportes e os impostos que recaian sobre as adquisicións con exclusión do que grave o valor engadido soportado deducible, cargaranse na respectiva conta de aprovisionamentos.
- b) Os descontos e similares incluídos en factura que non obedezan a pronto pago consideraranse como menor importe da compra.
- c) Os descontos e similares que lle sexan concedidos á entidade por pronto pago, incluídos ou non en factura, consideraranse ingresos financeiros, contabilizándose na conta "Descontos sobre compras por pronto pago".
- d) Os descontos e similares que se baseen en alcanzar un determinado volume de pedidos contabilizaranse na conta "Rappels por compras".
- e) Os descontos e similares posteriores á recepción da factura orixinados por defectos de calidade, incumprimento de prazos de entrega ou outras causas análogas contabilizaranse na conta "Devolucións de compras e operacións similares".

Na valoración de gastos por servizos serán tamén de aplicación as regras anteriores.

4.13. Vendas

Os ingresos derivados de percepcións obrigatorias sen contraprestación rexistraranse polo importe dos dereitos de cobro xurdidos como consecuencia do acto de liquidación correspondente que os cuantifique.

Na contabilización da venda de bens teranse en conta as seguintes regras:

- a) As vendas contabilizaranse sen incluír os impostos que gravan estas operacións. Os gastos inherentes ás mesmas, incluídos os transportes a cargo da entidade, contabilizaranse nas contas correspondentes de gasto.
- b) Os descontos e similares incluídos en facturas que non obedezan a pronto pago consideraranse como menor importe da venda.
- c) Os descontos e similares que sexan concedidos pola empresa por pronto pago, estean ou non incluídos en factura, consideraranse gastos financeiros, contabilizándose na conta "Descontos sobre vendas por pronto pago".
- d) Os descontos e similares que se baseen en alcanzar un determinado volume de pedidos contabilizaranse na conta "Rappels sobre vendas".
- e) Os descontos e similares posteriores á emisión de factura orixinados por defectos de calidade, incumprimento dos prazos de entrega ou outras causas análogas contabilizaranse na conta "Devolucións de vendas e operacións similares".

Na contabilización de ingresos por servizos serán tamén de aplicación as regras anteriores.



4.14. Perdas ou ganancias derivadas de transmisión de activos

As perdas derivadas de transmisións de activos que non se consideren existencias determinaranse pola diferenza entre o dereito para cobrar recibido en contraprestación e o valor neto contable do activo entregado, incrementada polos gastos inherentes á operación.

Os beneficios derivados de transmisións de activos que non se consideren existencias determinaranse pola diferenza entre o dereito para cobrar recibido en contraprestación e o valor contable neto do activo entregado, minorada polos gastos inherentes á operación.

4.15.- Cambios en criterios contables e estimacións

Por aplicación do principio de uniformidade non poderán modificarse os criterios de contabilización dun exercicio a outro, salvo casos excepcionais que deberán ser xustificadas. Nestes supostos, considerarase que o cambio se produce ao comezo do exercicio e incluírase como resultados extraordinarios na conta de resultados o efecto acumulado das variacións de activos e pasivos, calculadas a esa data, que sexan consecuencia do cambio de criterio.

Os cambios naquelas partidas que requiren para a súa valoración realizar estimacións e que son consecuencia da obtención de información adicional, dunha maior experiencia ou do coñecemento de novos feitos, non deben considerarse para os efectos sinalados no parágrafo anterior como cambios de criterio contable.

4.16.- Existencias

Os bens comprendidos nas existencias valóranse ao prezo de adquisición ou ao custo de produción.

- a) Prezo de adquisición. O prezo de adquisición comprenderá o consignado en factura máis todos os gastos adicionais en que se incorra ata que os bens cheguen ó almacén, tales como transportes, aduanas, seguros, etc. Tamén se incluírá o importe dos impostos indirectos que gravan a adquisición das existencias que non sexa directamente recuperable da Facenda Pública.
- b) Custo de produción. O custo de produción determinarase engadindo ao prezo de adquisición das materias primas e outras materias consumibles, os custos directamente imputables ao produto. Tamén se engadirá a parte que razoablemente corresponda dos custos indirectamente imputables aos produtos de que se trate, na medida en que tales custos correspondan ao período de fabricación.

Cando o valor de mercado dun ben ou calquera outro valor que lle corresponda sexa inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, procederá efectuar correccións valorativas, dotando para ese efecto a pertinente provisión, cando a depreciación sexa reversible. Se a depreciación fose irreversible, terase en conta tal circunstancia ao valorar as existencias. Para estes efectos entenderase por valor de mercado:

- a) Para as materias primas, o seu prezo de reposición ou o valor neto de realización se fose menor.





- b) Para as mercadorías e os produtos terminados, o seu valor de realización, deducidos os gastos de comercialización que correspondan.
- c) Para os produtos en curso, o valor de realización dos produtos terminados correspondentes, deducidos a totalidade de custos de fabricación pendentes de incorrer e os gastos de comercialización.

Con todo, os bens que fosen obxecto dun contrato de venda en firme cuxo cumprimento deba ter lugar posteriormente non serán obxecto da corrección valorativa indicada anteriormente, a condición de que o prezo de venda estipulado no devandito contrato cubra, como mínimo, o prezo de adquisición ou o custo de produción de tales bens, máis todos os custos pendentes de realizar para a execución do contrato.

Cando se trate de bens cuxo prezo de adquisición ou custo de produción non sexa identificable de modo individualizado, adoptarase con carácter xeral o método do prezo medio ou custo medio ponderado.

5. ESTADO OPERATIVO

Preséntase o Estado operativo con forma de conta, no que se inclúe:

- Os gastos orzamentarios (obrigacións recoñecidas no exercicio) de acordo coa súa clasificación funcional por programas.
- Os ingresos orzamentarios (dereitos recoñecidos durante o exercicio) de acordo coa súa clasificación económica.

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE
1. Servicios de carácter xeral	33.026.496,36	1. Impostos directos e cotizacións sociais	0,00
2. Defensa, protección civil e seguridade cidadá	0,00	2. Impostos indirectos	0,00
3. Seguridade, protección e promoción social	0,00	3. Taxas e outros ingresos	1.515.550,55
4. Producción de bens públicos de carácter social	0,00	4. Transferencias correntes	18.729.243,42
5. Producción de bens públicos de carácter económico	0,00	5. Ingresos patrimoniais	47.437,77
6. Regulación económica de carácter xeral	0,00	6. Alleamento de inversións reais	0,00
7. Regulación económica de sectores produtivos	0,00	7. Transferencias de capital	21.107.449,04
9. Transferencias a outras Administracións Públicas nacionais e supranacionais	6.573.360,93	8. Activos financeiros	0,00
0. Débeda Pública	9.950,80	9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	39.609.808,09	TOTAL:	41.399.680,78
SUPERÁVIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO	1.789.872,69	DÉFICIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO	0,00
TOTAL:	41.399.680,78	TOTAL:	41.399.680,78

6. INFORMACIÓN DE CARÁCTER FINANCEIRO

6.1. Cadro de Financiamento

Descríbense os recursos financeiros obtidos no exercicio, así como a súa aplicación ou emprego e o efecto que produciron tales operacións sobre o capital circulante.





FONDOS APLICADOS	2023	2022	FONDOS OBTIDOS	2023	2022
1. Recursos aplicados en operacións de xestión	24.828.752,98	23.400.696,71	1. Recursos procedentes de operacións de xestión	41.504.086,75	32.415.070,13
<i>a) Redución de existencias de pto terminados e en curso</i>	0,00	0,00	<i>a) Ventas</i>	0,00	0,00
<i>b) Aprovisionamento</i>	933,92	9.387,04	<i>b) Aumento de existencias de pto terminados e en curso</i>	0,00	0,00
<i>c) Servizos exteriores</i>	3.307.965,84	2.866.991,48	<i>c) Impostos directos e cotizacións sociais</i>	0,00	0,00
<i>d) Tributos</i>	10.304,96	10.549,33	<i>d) Impostos indirectos</i>	0,00	0,00
<i>e) Gastos de persoal</i>	14.346.318,29	13.470.181,95	<i>e) Taxas, prezos públicos e contribucións especiais</i>	34.521,32	634,08
<i>f) Prestacións sociais</i>	0,00	0,00	<i>f) Transferencias e subvencións</i>	39.938.755,30	30.224.662,70
<i>g) Transferencias e subvencións</i>	7.160.537,19	7.042.793,78	<i>g) Ingresos financeiros</i>	47.437,77	0,00
<i>h) Gastos financeiros</i>	2.692,78	793,13	<i>h) Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepc.</i>	1.483.372,36	2.189.773,35
<i>i) Outras perdas de xestión corrente e gto excepcion.</i>	0,00	0,00	<i>i) Provisións aplicadas de activos circulantes</i>	0,00	0,00
<i>j) Dotación provisións de activos circulantes</i>	0,00	0,00	2. Cobros pendentes de aplicación	0,00	0,00
2. Pagos pendentes de aplicación	0,00	0,00	3. Incrementos directos de patrimonio	0,00	235.328,75
3. Gastos de formalización de débedas	8.228,11	0,00	<i>a) En adscrición</i>	0,00	0,00
4. Adquisicións e outras altas de inmovilizado	15.912.142,02	6.432.299,28	<i>b) En cesión</i>	0,00	0,00
<i>a) I. destinadas ao uso xeral</i>	0,00	0,00	<i>c) Outras aportacións de entes matricés</i>	0,00	0,00
<i>b) I. inmateriais</i>	7.850.904,17	5.050.763,54	<i>d) Ingresos de exercicios anteriores</i>	0,00	235.328,75
<i>c) I. materiais</i>	8.061.237,85	1.381.535,74	4. Débedas a longo prazo	550.962,68	0,00
<i>d) I. xestionadas</i>	0,00	0,00	<i>a) Empréstitos e pasivos análogos</i>	550.962,68	0,00
<i>e) I. financeiras</i>	0,00	0,00	<i>b) Préstamos recibidos</i>	0,00	0,00
5. Diminucións directas de patrimonio	3.887.989,85	14.340,71	<i>c) Outros conceptos</i>	0,00	0,00
<i>a) En adscrición</i>	890.526,71	4.545,81	5. Alleamentos e outras baixas de inmovilizado	3.775.880,48	4.545,81
<i>b) En cesión</i>	2.885.353,77	0,00	<i>a) Destinados ao uso xeral</i>	0,00	0,00
<i>c) Entregado ao uso xeral</i>	0,00	0,00	<i>b) I. inmateriais</i>	0,00	0,00
<i>d) Devolución subvencións (Bº presup.)</i>	0,00	0,00	<i>c) I. materiais</i>	3.775.880,48	4.545,81
<i>e) Gastos de exercicios anteriores</i>	112.109,37	9.794,90	<i>d) I. financeiras</i>	0,00	0,00
6. Cancelación ou traspaso a c/p de débedas a l/p	120.121,00	9.950,80	6. Cancelación anticipada ou traspaso a c/p de inmov. financ.	0,00	0,00
<i>a) Empréstitos e outros pasivos</i>	0,00	0,00			
<i>b) Por préstamos recibidos</i>	120.121,00	9.950,80			
<i>c) Outros conceptos</i>	0,00	0,00			
7. Provisións por riscos e gastos	0,00	0,00			
TOTAL APLICACIÓNS	44.757.233,96	29.857.287,50	TOTAL ORIXES	45.830.929,91	32.654.944,69
EXCESO DE ORIXES S/APLICACIÓNS			EXCESO DE APLICACIÓN S/ORIXES		
(AUMENTO DE CAPITAL CIRCULANTE)	1.073.695,95	2.797.657,19	(DISMINUCION DE CAPITAL CIRCULANTE)	0,00	0,00





VARIACIÓN DE CAPITAL CIRCULANTE	2023		2022	
	AUMENTOS	DISMINUCIÓN	AUMENTOS	DISMINUCIÓN
1. Existencias	0,00	933,92	4.652,96	0,00
2. Debedores	3.671.558,67	0,00	315.067,03	0,00
a) Orzamentarios	3.649.500,86	0,00	308.205,36	0,00
b) Non orzamentarios	10.687,90	0,00	6.261,13	0,00
c) Administracións Públicas	11.369,91	0,00	600,54	0,00
3. Acredores	2.096.904,82	2.839.623,83	2.471.709,06	168.737,27
a) Orzamentarios	0,00	2.839.623,83	1.718.696,03	0,00
b) Non orzamentarios	2.002.473,45	0,00	753.013,03	0,00
c) Administracións Públicas	94.431,37	0,00	0,00	168.737,27
4. Investimentos financeiros temporais	0,00	0,00	0,00	0,00
5. Empréstitos e outras débedas a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00
a) Empréstitos e outras emisións	0,00	0,00	0,00	0,00
b) Préstamos recibidos e outros conceptos	0,00	0,00	0,00	0,00
6. Outras contas bancarias	0,00	0,00	0,00	0,00
7. Tesouraría	0,00	1.854.209,79	174.965,41	0,00
8. Axustes por periodificación	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	1.073.695,95	0,00	2.797.657,19	0,00

6.2. Remanente de tesouraría

Os compoñentes do remanente de tesouraría son:

- O importe total dos dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.
- O importe total dos dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.
- O importe total dos dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que, de acordo coa normativa vixente, son non orzamentarios e tampouco o serán no momento do seu vencemento.
- Para organismos autónomos non administrativos, o importe total dos dereitos pendentes de cobro derivados das súas operacións comerciais.
- Minorando todas as partidas anteriores, o importe de todos os dereitos que se consideren de dubidoso cobro. Para determinar os dereitos de dubidoso cobro tivéronse en conta a antigüidade das débedas, o importe das mesmas, e a natureza dos recursos de que se trate así como as porcentaxes de recadación.
- Minorando tamén as partidas anteriores, as cantidades cobradas pendentes de aplicar que se poidan identificar con dereitos recoñecidos pendentes de cobro.
- Nos supostos en que a identificación anterior non poida realizarse procederase á minoración dos dereitos para cobrar polo importe total das cantidades cobradas de ingresos pendente de aplicar.
- Os fondos líquidos, que inclúen os saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias, así como os excedentes temporais de tesouraría que se materializaron en investimentos, de carácter non orzamentario, que reúnan o suficiente grao de liquidez.
- O importe total das obrigas pendentes de pago do orzamento corrente derivadas tanto da execución do orzamento de gastos como do orzamento de ingresos (devolucións).
- O importe total das obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados.
- O importe total das obrigas pendentes de pago correspondentes a acredores que, de acordo coa normativa vixente, son non orzamentarios e tampouco o serán no momento do seu vencemento.



- Para organismos autónomos non administrativos, o importe total de obrigas pendentes de pago derivadas das súas operacións comerciais.
- As obrigas pendentes de pago anteriores minoraranse polas cantidades pagadas pendentes de aplicación que se poidan identificar con obrigas recoñecidas pendentes de pago. Nos supostos nos que non se poida identificar claramente que pagos realizados pendentes de aplicar están integrados no cálculo do remanente como obrigas pendentes de pago, non se procede a efectuar eliminación algunha.
- O remanente de tesourería total, distinguindo a parte do mesmo afectada, destinada a cubrir os denominados “gastos con financiamento afectado”, caso de que existan desviacións de financiamento positivas, e a parte de remanente non afectada.

CONCEPTOS	EUROS
1. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	18.247.764,35
<i>(+) de Orzamento corrente</i>	18.187.394,37
<i>(+) de Orzamentos pechados</i>	21.041,86
<i>(+) de operacións non orzamentarias</i>	39.328,12
2. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	8.315.965,32
<i>(+) de Orzamento corrente</i>	4.076.730,82
<i>(+) de Orzamentos pechados</i>	0,00
<i>(+) de operacións non orzamentarias</i>	4.239.234,50
3. (+) FONDOS LÍQUIDOS	1.595.299,65
I. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	0,00
II. REMANENTE DE TESOURERÍA NON AFECTADO	11.527.098,68
III. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2+3) = (I+II)	11.527.098,68

Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 indica no seu artigo 10 que as axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesourería non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non realizarse a incorporación procederase conforme ao disposto nese artigo para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais, que indica que transferirán ao orzamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma o importe do “remanente de Tesouraría non afectado” resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario. Con todo, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

6.3. Tesourería

Información sobre o total de cobros do exercicio e o total de pagos do exercicio, distinguindo por tipos de operacións:



6.3.1. Estado da tesourería

CONCEPTOS	EUROS
1. COBROS	37.860.449,56
(+) de Orzamento corrente	23.314.349,25
(+) de Orzamentos pechados	14.537.893,51
(+) de operacións non orzamentarias	8.206,80
2. PAGOS	39.714.659,35
(+) de Orzamento corrente	35.913.221,70
(+) de Orzamentos pechados	1.676.611,35
(+) de operacións non orzamentarias	2.124.826,30
I.FLUXO NETO DE TESOURERÍA DO EXERCICIO (1-2)	-1.854.209,79
3.SALDO INICIAL DE TESOURERÍA	3.449.509,44
II.SALDO FINAL DE TESOURERÍA (I+ 3)	1.595.299,65

6.3.2. Estado do fluxo neto de tesourería do exercicio

PAGOS	IMPORTE	COBROS	IMPORTE
1. Operacións de xestión	22.772.603,10	1. Operacións de xestión	23.314.349,25
a) Compras Netas	0,00	a) Ventas netas	0,00
b) Servizos exteriores	2.819.732,62	b) Impostos directos	0,00
c) Tributos	10.304,96	c) Impostos indirectos	0,00
d) Gastos de persoal	11.434.014,60	d) Taxas, prezos públ. e contrib. espec.	95.080,15
e) Prestacións Sociais	2.912.303,69	e) Cotizacións especiais	0,00
f) Transferencias e subvencións	5.594.947,36	f) Transferencias e subvencións	21.849.733,80
g) Gastos financeiros	1.299,87	h) Outros ingresos de xestión	1.369.535,30
2. Gastos de formalización de débedas	0,00	2. Débedas a longo prazo	0,00
3. Adquisicións de inmovilizado	13.130.667,80	a) Empréstitos e pasivos análogos	0,00
a) Destinados ao uso xeral	0,00	b) Préstamos recibidos	0,00
b) Inmaterial	5.366.216,62	c) Outros conceptos	0,00
c) Material	7.764.451,18	3. Alleamentos de inmovilizado	0,00
d) Xestionados	0,00	a) Inmaterial	0,00
e) Financeiro	0,00	b) Material	0,00
4. Cancelación anticipada de débedas a longo prazo	0,00	c) Financeiro	0,00
a) Empréstitos e pasivos análogos	0,00	4. Débedas a curto prazo	0,00
b) Préstamos recibidos	0,00	a) Empréstitos e pasivos análogos	0,00
c) Outros conceptos	0,00	b) Préstamos recibidos	0,00
d) Provisións para riscos e gastos	0,00	c) Outros conceptos	0,00
5. Adquisicións de Inversións financeiras	0,00	5. Alleamento ou reintegro de invers. Financ. a C/P	0,00
a) En capital	0,00	a) Inversións en capital	0,00
b) Valores de renda fixa	0,00	b) Inversión en valores de renda fixa	0,00
c) Créditos	0,00	c) Créditos	0,00
d) Outros conceptos	0,00	d) Outros conceptos	0,00
6. Cancelación de débedas a curto prazo	9.950,80	6. Orzamentos pechados	14.537.893,51
a) Empréstitos e pasivos análogos	0,00	a) Operacións de xestión	14.537.893,51
b) Préstamos recibidos	9.950,80	b) Débedas	0,00
c) Outros conceptos	0,00	c) Alleamento de inmovilizado	0,00
7. Orzamentos pechados	1.676.611,35	d) Alleamento de inversións financeiras a curto	0,00
a) Operacións de Xestión	1.171.259,66	7. Contas non orzamentarias	8.206,80
b) Adquisicións de inmovilizado	505.351,69	a) Acredores non orzamentarios	8.194,18
c) Cancelación de débedas	0,00	b) Debedores non orzamentarios	12,62
d) Adquisición de inversións financeiras a curto	0,00	c) Por adm.recursos de outros entes	0,00
8. Contas non orzamentarias	2.124.826,30		
a) Anticipos de tesourería	0,00		
b) Acredores non orzamentarios	2.102.768,49		
c) Debedores non orzamentarios	22.057,81		
d) Por administración de recursos de outros entes	0,00		
TOTAL PAGOS	39.714.659,35	TOTAL COBROS	37.860.449,56
SUPERÁVIT DE TESOURERÍA	0,00	DÉFICIT DE TESOURERÍA	1.854.209,79



7. INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO GASTO PÚBLICO

7.1. Modificacións de crédito

Información sobre:

- Créditos extraordinarios.
- Suplementos de crédito.
- Ampliacións de crédito.
- Transferencias de crédito.
- Incorporacións de remanentes de crédito.
- Créditos xerados por ingresos.
- Baixas por anulación e rectificación.
- Outras modificacións (incluirán os axustes que se deriven de prórrogas orzamentarias).

A información sobre aquelas modificacións que impliquen un incremento dos créditos iniciais, incluirán a súa forma de financiamento.

